

MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2024, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XERANDO CULTURA DE ACOLLEMENTO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO, a través do cal se acheguen á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e, a partir de aí, tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos. Para iso, acordan desenvolver o "Programa Xerando Cultura de Acollemento" nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no obxectivo de chegar á



sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e, a partir de aí, tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de acollemento e ás familias acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento desde unha perspectiva horizontal entre iguais, coa experiencia en primeira persoa como familias acolledoras.
- Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia no acollemento e profesionais especializados para dotar as familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar na múltiple visión de familia acolledora-familia biolóxica, ou, no seu caso, familia adoptiva.

As actuacións a desenvolver distribuiranse en 3 proxectos:

- Espallando semente: no que se encadran todas as actuacións de difusión da medida de acollemento familiar.
- Acougo Orballo: con formación circular en calquera nas etapas nas que se encontre a persoa ou familia destinataria.
- Acougo Colleita: medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II Programa Xerando Cultura do Acollemento.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, e a Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores e familias inmersos nun proceso de acollemento.



Considera tamén de especial importancia financiar a programas como o que se describe, con fin de levar a cabo a súa labor social en interese dos/as menores en proceso de acollemento e as familias acolledoras, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55– da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento de dito programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo de anos de colaboración.

Así mesmo a Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos (7.550,00 €) aportados por programas cofinanciados con outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social e Igualdade.

Considérase polo tanto idónea á Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO para a execución de dito programa pola súa experiencia no ámbito da atención aos/as menores e a familias en proceso de acollemento.



O novo convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

A Consellería de Política Social e Igualdade financiará o custo derivado da execución do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de 115.168,72 € con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.321B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

